

PROGRAMA HERMES

Entidade executante

Asociación ITINERA (<http://asociacionitineracom/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Teo e O Pino da provincia da Coruña e nos de A Estrada e Vila de Cruces en Pontevedra.

No ano 2022 prevese unha estimación de 140 persoas beneficiarias directas e 280 familiares.

Persoas destinatarias

- Persoas con TMS
- Persoas con TMS en risco de exclusión social.
- Persoas con antecedentes de condutas autolíticas.
- Persoas que vivan soas, ou con núcleo familiar desestruturado.
- Persoas que conviven con familiares con TMS
- Persoas con discapacidade intelectual.
- Persoas que se atopen dentro do espectro autista.

Obxectivos

Ofrecer unha rede asistencial de acompañamento, apoio e asesoramento a persoas con Trastorno Mental para evitar recaídas e ingresos, mantendo a estabilidade médica.

Promover o autocoidado mediante a adquisición de habilidades relacionadas co coidado persoal e o desenvolvemento persoal e estilos de vida saudables.

Promover fomentando hábitos como a actividade física continua e a alimentación saudable.

Adquirir unha maior autonomía á hora de realiza actividades da vida diaria.

Mellorar o autoconcepto e a autoestima das persoas participantes.

Proporcionar espazos de respiro tanto para persoas beneficiarias como coidadoras, reducindo cargas e tensións propias da convivencia.

Ofrecer espazos de lecer e convivencia.

Desenvolver habilidades sociais e de resolución de conflitos

Concienciar sobre a importancia da perspectiva de xénero.

Metodoloxía

A proposta metodolóxica ten un carácter eminentemente práctico, a través do emprego de técnicas como o role-playing e prácticas formativas, búscase favorecer a adquisición de coñecementos ao tempo que se interiorizan e se orientan a adquirir competencias; ten tamén un carácter participativo e de cooperación, favorecendo a adquisición de habilidades como son capacidade para o traballo en equipo ou a resolución de conflitos. Así mesmo, tense en conta a perspectiva de xénero, fomentando unha maior participación das mulleres nas actividades, tomando en conta as súas necesidades e características (invisibilidade, fenda de xénero...) e procurando un equilibrio de homes e mulleres nos cursos e formacións.